

GUÍA SOLICITUDE FINAL 4

FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

1. INTRODUCCIÓN	2
2. REQUISITOS PARA ACCEDER Á SOLICITUDE DAS FINAL 4 2025/26	3
2.1. PAGOS.....	3
2.2. DOCUMENTACIÓN	3
2.3. ANTIVIOLENCIA.....	3
2.4. ORGANIZACIÓN	3
2.5. RENUNCIAS	4
2.6. TAQUILLA.....	4
3. CONDICIÓNS PARA A CELEBRACIÓN DE FINAL 4	5
3.1. ACTO DE PRESENTACIÓN	5
3.2. ATENCIÓN SANITARIA.....	5
3.3. TENDA FGBm	5
3.4. AUGA.....	5
3.5. OFERTA DE ALOXAMENTO	5
3.6. HORARIOS	5
3.7. INSTALACIÓN DEPORTIVA	5
3.8. CONECTIVIDADE.....	6
3.9. VOLUNTARIADO	6
4. CANON FASES FINAIS	7
5. SISTEMA VALORACIÓN PARA A CONCESIÓN DAS FASES FINAIS	8
5.1. Nº LICENZAS POR CLUB	8
5.2. LICENZAS STAFF PRINCIPAL.	8
5.3. Nº EQUIPOS POR CLUB	8
5.4. POSTO NA CLASIFICACIÓN DA LIGA 25-26.....	9
5.5. SANCIÓN DISCIPLINARIAS NA PRESENTE CAMPAÑA 25-26.....	9
5.6. ORGANIZACIÓN DE FASES FINAIS NA TEMPADA 24-25	9
5.7. FOTOGRAFÍAS ACTUALIZADAS NA PLATAFORMA MISQUAD.	9
5.8. PREZOS ALOXAMENTOS	10
5.9. CONDICIÓNS ECONÓMICAS	10
5.10. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	10
5.11. PAGO DO CANON.	11
5.12. XOGADORES/AS NAS SELECCIÓN GALEGAS.	11
6. INFORMACIÓN IMPORTANTE	12

1. INTRODUCCIÓN

As Final 4 do balonmán galego consolidáronse nos últimos anos como unha referencia dentro do balonmán nacional, tanto polo seu formato organizativo como pola calidade do espectáculo deportivo que ofrecen. Trátase de eventos cun formato profesional que buscan converter cada fase final nun acontecemento deportivo e social de referencia.

Ademais do seu interese competitivo, estes eventos están orientados a xerar un impacto promocional e económico positivo para o club organizador e para a contorna que acolle a competición, contribuíndo á proxección dos clubs, dos deportistas e do balonmán galego no seu conxunto.

Este documento constitúe unha guía dirixida a clubs e entidades interesadas en solicitar a organización dunha Final 4. O seu obxectivo é facilitar o proceso de solicitude e aclarar todos aqueles aspectos que poidan xerar dúbidas sobre os criterios de valoración, os requisitos organizativos e o funcionamento do procedemento.

O formato de solicitude pretende ofrecer a todos os clubs a posibilidade real de optar á organización dunha Final 4, garantindo un sistema transparente e baseado en criterios obxectivos. Ao mesmo tempo, busca premiar a boa organización e aquelas iniciativas que contribúan a mellorar a calidade do evento.

Aspectos como a promoción do evento, os servizos ofrecidos aos equipos e ao público, ou as propostas que incrementen a visibilidade do balonmán galego serán elementos especialmente valorados dentro deste modelo.

En definitiva, esta guía pretende facilitar o proceso ás entidades interesadas e fomentar un modelo de organización que mellore a imaxe, a visibilidade e o prestixio do balonmán galego.

2. REQUISITOS PARA ACCEDER Á SOLICITUDE DAS FINAL 4 2025/26

Lembramos que por acordo da Asemblea Xeral, calquera club ou institución poderá solicitar a organización de calquera Final 4 independentemente de que sexan participantes ou non. De haber unha solicitude por parte dunha institución, se hai club local, este deberá cumprir cos requisitos marcados neste documento no momento da solicitude.

Todos os clubs ou institucións interesados/as deben enviar un correo electrónico en tempo e forma a: administracion@fgbalonman.com. No correo deberá figurar o nome da fase solicitada, o/a solicitante e o proxecto para a súa celebración.

Calquera solicitude que non cumpra os seguintes requisitos será desestimada de xeito inmediato:

2.1. **PAGOS:** Estar ao día economicamente coa Federación Galega de Balonmán en canto aos pagos de: mutualidade, arbitraxes, sancións, dereitos de participación ou calquera concepto relacionado coa organización de encontros ou fases de competicións organizadas pola FGBm.

2.2. **DOCUMENTACIÓN:** Ter correctamente metidos todos os **datos de contacto do club na plataforma MiSquad**, ademais dos seguintes documentos:

- CIF
- Estatutos
- Acta de Xunta Directiva debidamente actualizada no rexistro da Secretaría Xeral Para o Deporte da Xunta de Galicia.
- Asignación Xunta Directiva na plataforma MiSquad

2.3. **ANTIVIOLENCIA:** Non ter ningún expediente relacionado con club na Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte da Xunta de Galicia na presente ou na pasada campaña.

2.4. **ORGANIZACIÓN:** As Final 4 da mesma categoría e diferente xénero, celebraranse na **mesma sede**; polo tanto, a solicitude implicará **asumir a organización da Final 4 masculina e feminina**.

- 2.5. **RENUNCIAS:** Unha vez concedida a Final 4 ou fase solicitada, se o club ou entidade renuncia a organización será sancionado co pago do 100 % do canon.
- 2.6. **TAQUILLA:** O club ou entidade organizadora poderá xestionar a taquilla da Final 4 ou fase correspondente. O importe das entradas non pode exceder de 10 € para todo o evento. A FGBm cede a totalidade da taquilla ao club ou entidade organizadora.

3. CONDICIÓN PARA A CELEBRACIÓN DE FINAL 4

Será de obrigado cumprimento por parte dos organizadores:

- 3.1. **ACTO DE PRESENTACIÓN:** O xoves previo á celebración da fase, ás 12:30 horas, deberá realizarse unha presentación oficial aos medios de comunicación do evento onde o club debe convidar a: Federación Galega de Balonmán, Secretaría Xeral para o Deporte, Deputación Provincial e Concello, ademais de patrocinadores ou colaboradores que considere o club ou a federación.
- 3.2. **ATENCIÓN SANITARIA:** Será responsabilidade do organizador cumprir coa normativa vixente no Decreto 226/2022 de 22 de decembro polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos Espectáculos Públicos e as actividades recreativas en Galicia.
- 3.3. **TENDA FGBm:** Habilitar unha zona de 15 metros cadrados na instalación de xogo a disposición da FGBm para colocar unha tenda.
- 3.4. **AUGA:** O organizador debe proporcionar a auga para os equipos participantes, árbitros/as, anotadores/as, etc.
- 3.5. **OFERTA DE ALOXAMENTO:** En caso de que algún dos equipos clasificados se atope a máis de 130 km de distancia da sede de xogo, o organizador debe presentar unha oferta de aloxamento en réxime de pensión completa nun lugar non máis afastado de 35 km da instalación de xogo. Esta oferta debe presentarse en tempo e forma coa solicitude, demostrando a dispoñibilidade de habitacións ata as 24 horas posteriores á oficialización da concesión da Final 4 (concederanse o mesmo día no que remata o prazo de solicitude), para o equipo que as poida precisar. É recomendable presentar certificado do establecemento e diferentes alternativas.
- 3.6. **HORARIOS:** Os horarios dos encontros deberán ser aprobados polo departamento de competicións da FGBm a proposta do/a organizador/a, e deben ser propostos no mesmo proxecto que se presente.
- 3.7. **INSTALACIÓN DEPORTIVA:** O pavillón onde se dispute o evento debera cumprir uns requisitos mínimos (accesos, vestiarios, iluminación, marcadores en bo estado...) para que dende a Federación Galega se autorice a ser un dos candidatos para ser sede da competición.

- a. Aforo mínimo: 600 persoas.

- b. Espazo con plataforma de 4 x 2 metros na zona central da grada para Streaming.
- c. Deberá ter dispoñibilidade horaria para que a Federación Galega de Balonmán acceda nos días previos para a montaxe e preparación do evento (coma mínimo o xoves en horario de mañá e tarde).

3.8. **CONECTIVIDADE:** internet por cable.

3.9. **VOLUNTARIADO:** precisaranse, polo menos, 6 persoas maiores de 15 anos para realización do protocolo de presentación e colaboración coa produción audiovisual.

4. CANON FASES FINAIS

CATEGORÍA	FASE	DATA CELEBRACIÓN	*DATA LÍMITE SOLICITUDE	Nº EQUIPOS	CANON
Sénior	Final 4 1ª Aut. Masculina e Feminina	2-3 Maio 2026	14 Abril 2026	8	4.500€
	Final 4 2ª Aut. Masculina e Feminina.	9-10 Maio 2026	21 Abril 2026	8	4.000€
Xuvenil	Final 4 Liga Ouro Xuvenil Masculina e Feminina	28-29 Marzo 2026	10 Marzo 2026	8	3.000€
Cadete	Final 4 Liga Ouro Cadete Masculina e Feminina	25-26 Abril 2026	7 Abril 2026	8	2.700€
Infantil	Final 4 Liga Ouro Infantil Masculina e Feminina	18-19 Abril 2026	31 Marzo 2026	8	2.500€

***O prazo de solicitude** remata o día que figura na táboa superior ás **14:00 horas**; polo tanto o formulario debe enviarse antes desa hora.

O canon inclúe:

- Arbitraxes.
- Streaming (cámaras + produción + comentaristas).
- Cobertura audiovisual e xestión da comunicación do evento: redes sociais, notas de prensa, entrevistas en directo, vídeos resumo, reels durante o evento, cobertura fotográfica...
- Trofeos e medallas para os 3 primeiros clasificados da Liga 25-26 (máximo 23 compoñentes en categoría sénior e 21 compoñentes en infantil, cadete e xuvenil).
- Detalle para cada xogador/a e adestrador/a dos tres primeiros clasificados da Liga 25-26.
- Montaxe e xestión cerimonia de premios.
- Envío invitacións autoridades e patrocinadores.
- Persoal federativo para organización de protocolos, xestión do voluntariado e loxística básica do evento.
- Deseños de cartelería e acreditacións.
- Instalación de dúas pantallas de 80" en lugares a convir co organizador (cantina, exterior pavillón,...), para o visionado en directo dos encontros.
- Produción e entrega de foto conmemorativa do equipo para todos os/as participantes.

5. SISTEMA VALORACIÓN PARA A CONCESIÓN DAS FASES FINAIS

A valoración e concesión de todas e cada unha das fases finais realizarase comprobando a puntuación de todas as solicitudes.

Para solicitudes incompletas no momento de finalización do prazo para a súa realización (ausencia de oferta hoteleira, actividades alternativas,...), tan só se terán en conta para a valoración os ítems presentados en tempo e forma.

A continuación, presentaranse os criterios de puntuación para as solicitudes de organización das diferentes fases, no caso de que realice a solicitude unha institución diferente a un club tomarase coma referencia para o cómputo o club local, de non haber club local, a puntuación será a mínima establecida en cada ítem, agás nos que se poidan puntuar de xeito obxectivo. No caso dos clubs, tan só poderá haber un solicitante, non se valorarán solicitudes conxuntas.

Os criterios de valoración para a concesión das diferentes fases serán os seguintes:

5.1. Nº LICENZAS POR CLUB

Entenderase por licenzas as correctamente tramitadas e validadas na plataforma Misquad no momento da solicitude (deportistas e adestradores/as e oficiais).

Nº LICENZAS	PUNTOS
Máis de 250	10
Entre 201 e 250	8
Entre 151 e 200	6
Entre 101 e 150	4
Entre 51 e 100	2
Menos de 50	1

5.2. LICENZAS STAFF PRINCIPAL.

Os clubs solicitantes, terán **un punto** adicional se teñen tramitado staff principal na categoría na que soliciten a fase, cumprindo cos seguintes requisitos:

- 1 adestrador/a + 2 oficiais.

5.3. Nº EQUIPOS POR CLUB

Tan só se contabilizarán os equipos infantís, cadetes, xuvenís e sénior.

Nº EQUIPOS	PUNTOS
Máis de 12	4
Entre 9 e 12	3
Entre 5 e 8	2
Entre 0 e 4	1

5.4. POSTO NA CLASIFICACIÓN DA LIGA 25-26

POSTO LIGA REGULAR	PUNTOS
1º ou 2º	6
3º	4
4º	3
5º	2
A partir do 6º para baixo (e todos os da 2ª categoría)	1

5.5. SANCIÓN S DISCIPLINARIAS DE ADESTRADORES/AS E OFICIAIS NA PRESENTE CAMPAÑA 25-26.

Se na presente campaña algún adestrador/a ou oficial do club recibiu sanción por parte do Comité Territorial de Competición, debido a algunha infracción disciplinaria relacionada coa desconsideración ou agresión física ou verbal cara calquera persoa, ao club restaráselle dous puntos por cada sanción. **Nesta tempada** tan só se terán en conta as sancións recibidas dende a publicación deste documento.

5.6. ORGANIZACIÓN DE FASES FINAIS NA TEMPADA 24-25

Puntuarase **cun punto adicional** aos clubs ou institucións que organizasen unha ou máis Fases Finais Autonómicas na tempada 24/25.

5.7. FOTOGRAFÍAS ACTUALIZADAS NA PLATAFORMA MISQUAD.

Puntuarase con **dous puntos adicionais** a aqueles clubs que no momento da solicitude teñan actualizadas as fotos de todos os xogadores/as e staff técnico do club, con fotos actuais, uniformados/as coa camisola do club actual e sobre un fondo liso. Tan só se permitirán fotos diferentes ás persoas que:

- participasen coa selección galega no recente CESA 2026 e teñan a foto coa camisola da selección.
- que formen parte do colectivo arbitral e teñan a foto coa uniformidade do colectivo arbitral.
- Xogadores/as das categorías prebenxamín, benxamín e alevín.

Aclaración: para puntuar, os staff técnicos das categorías prebenxamín, benxamín e alevín tamén teñen que estar actualizados.. Compre aclarar tamén que non valerán fotos modificadas con IA nas que a aparencia física se vexa alterada.

5.8. PREZOS ALOXAMENTOS

Valoraranse tan só os aloxamentos (en réxime de pensión completa) que se atopen a menos de 35 Km do lugar de xogo e que teñan capacidade para aloxar a todos os equipos que participen (ou poidan participar) na Final 4 e que teñan desprazamentos de a lo menos 130 km de distancia.

Para outorgar a puntuación correspondente neste item, o solicitante deberán achegar documento do/s aloxamento/s ofertado/s no que conste os importe económico do aloxamento para as datas de celebración da Fase Final.

PREZO PENSIÓN COMPLETA POR DEPORTISTA E DÍA	PUNTOS
0€	6
Entre 0€ e 20€	5
Entre 21€ e 25€	4
Entre 26€ e 35€	3
Entre 36€ e 45€	2
Máis de 45€	1

* Para as **categorías base (Cadete para abaixo)** teranse en conta as ofertas en colexios/pavillóns en colchóns con pensión completa.

5.9. CONDICIÓN ECONÓMICAS

Neste ítem valorarase a oferta económica, o interese da FGBm non é sacar rendemento neste aspecto, simplemente cubrir os custes das mesmas; unha mellor oferta económica provocará un maior investimento por parte da FGBm na Fase Final. As cantidades que figuran na seguinte táboa serían cantidades aportadas por enriba do canon establecido.

CANTIDADE SUPERIOR AO CANON ESTABLECIDO	PUNTOS
Máis de 2.500€	9
Entre 2.001€ e 2.500€	8
Entre 1.301€ e 2.000€	6
Entre 1.001€ e 1.300€	4
Entre 600€ e 1000€	2
Mais de 400€	1

5.10. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Os seguintes servizos serán valorados do seguinte xeito:

CANTIDADE SUPERIOR AO CANON ESTABLECIDO	PUNTOS
*Comentaristas con experiencia demostrable para streaming.	2
**Speaker profesional durante os encontros	2
Regalo detalle conmemorativo a todos os/as participantes	2
Food Trucks (Polbeiros, espazo gastronómico...)	2
Lanyards e Acreditacións (tamaño e deseño estipulado pola FGBm.)	1
Sorteos gratuítos en todos os encontros	1

Actuacións nos descansos	1
Cantina con mesas e cadeiras (mínimo 6 mesas)	2
***Outras iniciativas que aporten maior atractivo á fase	1- 4 puntos

*Para valorar este ítem na solicitude deben poñer o nome do Speaker.

**Para valorar este ítem na solicitude deben poñer o nome do comentarista.

***As iniciativas que aporten maior atractivo á fase serán valoradas pola comisión de valoración, aportando unha puntuación de 1 a 4. Tan só se deberán propoñer iniciativas que o club ou entidade organizadora teña claro que pode cumprir.

Nota: O máximo total de puntos posibles sumando todos os ítems **será de 20**, polo tanto, nas iniciativas que aporten maior atractivo á fase a puntuación será limitada.

5.11. PAGO DO CANON.

O club ou entidade que se comprometa a aboar o canon nas 48 horas posteriores á súa concesión obterá **dous puntos adicionais**. Para puntuar neste ítem, na solicitude deberán marcar a opción “Pronto pago canon”. De non marcar esta opción, o prazo de pago será de 30 días dende a data da súa concesión.

5.12. XOGADORES/AS NAS SELECCIÓN GALEGAS.

Non se computan os/as técnicos/as, tan só os xogadores/as que participaran no CESA Bm 2026.

CANTIDADE DE XOGADORES/AS	PUNTOS
Máis de 9	5
De 5 a 9	3
De 1 a 4	1
0	0

6. INFORMACIÓN IMPORTANTE:

- 6.1. Recoméndase **revisar o formato das diferentes fases** antes de realizar a solicitude de calquera delas. Na páxina web da FGBm, nas bases de competicións podedes consultar toda a información.
- 6.2. Se algún organizador, á hora de celebrarse o evento, **incumpre os compromisos adquiridos no punto 9 da solicitude** (servizos complementarios, actividades paralelas,...), terá unha **penalización de 1.000€ e perderá o dereito a organizar calquera fase ata a tempada 2027-28**.
- 6.3. **O abono do canon** da fase deberá realizarse **nun prazo máximo de 30 días dende a DATA DE CONCESIÓN** da mesma, a non ser que o club marque a opción “Pronto Pago Canon” que implicará a obriga de realizar o abono nas 48 horas posteriores á data de concesión; de non ser así, darase traslado ao Comité Territorial de Competición ou ao órgano competente no caso das institucións.
- 6.4. En caso de **empate nas puntuacións** de valoración das diferentes solicitudes o criterio de **desempate será o punto 8 (condicións económicas)**, e de persistir o empate, **o club que menos fases organizara** a pasada tempada será o organizador.

